

UN BANCO NAS MANS DA CIDADANÍA: O PROXECTO FIARE DE BANCA ÉTICA CIDADÁ.

UN PROXECTO DE CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DUN SISTEMA ESTATAL DE BANCA ÉTICA QUE SE CONSTITÚA EN ALTERNATIVA ELEXIBLE POLA CIDADANÍA E ACTÚE SIGNIFICATIVAMENTE POLA TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA FINANCEIRO, ALINEÁNDOSE CON AQUELAS ENTIDADES QUE XA ESTÁN A TRABALLAR NO ÁMBITO DA ECONOMÍA SOLIDARIA.

O Proxecto FIARE de Banca Ética parte dun diagnóstico concreto como o poñen de manifesto os seus principios. En 2003 danse os primeiros pasos, a posta en marcha e a creación da Fundación Investimento e Aforro Responsable (Fundación Fiare) impulsada por unhas 52 organizacións sociais. O proceso de diálogo, avaliación e síntese que leva ao inicio do proxecto ten lugar xa no 2001.

Non está de máis lembrar os principios e piares que conforman a base do proxecto; son catro, ben definidos e precisos. Son froito dunha prolongada e concienzuda reflexión na que se opta por un xeito de describirse de forma positiva: afirmando polo que se está dispostos a loitar,

1. **Crédito ao servizo da xustiza.**
2. **Intermediación financeira desde as redes cidadás.**
3. **Acción significativa a través do aforro responsable, a participación e a transparencia.**
4. **Carácter non lucrativo e interese común.**

En 2004 a Fundación Fiare deseña unha “folia de ruta” que establece os seguintes pasos e que define o camiño a seguir:

- ➔ Procura e selección dun socio europeo (Banca Popolare Etica).
- ➔ Elabora un Plan de Viabilidade da entidade.
- ➔ Pon en marcha a entidade, apoiándose inicialmente no socio europeo.
- ➔ Constitútese e consolídase unha entidade financeira autónoma.

En 2005 a Fundación Fiare e as súas asociacións membros asumen o papel dinamizador do proxecto en Euskadi, pero a esixencia de proximidade ás realidades de exclusión esixe que o crecemento do proxecto se vaia facendo moi “pegado ao terreo”, buscando a implicación mediante acordos das redes e movementos sociais que existan noutros lugares. Esta realidade observada foi a que permitiu a consolidación do proxecto e a súa implantación en todo o estado español, a través dun acordo de integración de máis de duascenas organizacións sociais (unhas 300 entidades están a impulsar o Proxecto) de Euskadi, Catalunya, Madrid, Navarra, Valencia, Andalucía, Extremadura, Castela e León, Galiza (creada o 16 de xaneiro de 2010), Canarias (creada o 19 de marzo de 2010). Existen organizacións en proceso de integración no Proxecto en: A Rioxa, Baleares, etc.

Ata o 12 de febreiro de 2009 a forma xurídica escollida era a S.L.U. ou Sociedade Limitada Unipersonal, constituída unicamente pola Fundación FIARE. A partires desa data foi unha realidade FIARE, S.L. cun administrador único (por simplicidade) e unha Xunta Directiva configurada por 6+1 agrupacións:

- ➔ Fundación FIARE.
- ➔ Asociación de apoio a Fiare en Euskadi.
- ➔ Asociación Proyecto Fiare de Navarra.
- ➔ Asociación Proyecto Fiare de Catalunya.
- ➔ Asociación Fiare Xarxa Valenciana.
- ➔ Asociación Fiare-Centro.
- ➔ Asociación Banca Ética Fiare-Sur.

O proceso segue avanzando e, como acabamos de ver, os seguintes:

- ➔ **A Campaña de Captación de Capital Social.**
- ➔ **A consolidación da actividade bancaria.**
- ➔ **A extensión territorial.**



O máis importante agora é “cimentar” as territoriais. Coa integración das diferentes redes territoriais, Fiare dá un paso máis no seu proceso de consolidación dun proxecto de Banca Ética no estado español, onde conseguiu reunir ata o momento uns 23 millóns de euros (peche de 2009) de aforro e apoiou ao financiamento duns oitenta proxectos por valor duns 13 millóns de euros. Con oficinas permanentes en Bilbao e Barcelona; presencias regulares en Madrid, Pamplona-Iruña, Vitoria-Gasteiz, Donostia-San Sebastián, Córdoba, Granada, Valladolid. O ano 2008 supuxo crecementos en torno ao 50% tanto no aforro como no financiamento (como queda patente na “Memoria de actividades 2008”). Esta actividade financeira será trasladada á nova Cooperativa de Crédito que foi constituída en outubro de 2009 no estado español.

Esta evolución non ten freo, e permitiu que o 2 de outubro de 2009 se creara a “Asociación Fiare Castilla y León”, o 16 de xaneiro de 2010 a “Asociación Fiare Galiza”, o 19 de marzo de 2010 a “Asociación Fiare Canarias” e que haxa varios grupos promotores con diferentes graos de madurez (o da Rioxa, o de Baleares, etc.).

Agora mesmo xa é unha realidade a **Fiare Sociedade Cooperativa** (rexistrada e constituída o **26 de outubro de 2009**) que terá máis de 2000 socios e un capital social dun

| | 2009 | | |
|----------|--------------|------------|------------------|
| | PF | PX | Cap. Soc. |
| Euskadi | 530 | 90 | 302.000 |
| CAT | 530 | 110 | 322.000 |
| MAD | 350 | 70 | 210.000 |
| VAL | 350 | 50 | 190.000 |
| NAV | 150 | 50 | 110.000 |
| AND-EXTR | 150 | 50 | 110.000 |
| OTROS | 150 | 50 | 110.000 |
| | 2.210 | 740 | 1.354.000 |

millón e medio de euros). Para que isto sexa posible é preciso que cada rede territorial se comprometa a asumir, con carácter deliberativo, unha proposta (feita de forma realista nas distintas xuntas e nalgún caso, nas zonas con máis “historia”, ata se sabe que as previsións van ser superadas) de captación de entidades e persoas interesadas no proxecto que crean na idea e que aporten capital social (PF: persoas físicas, e PX: persoas xurídicas).

| | 2010 | | | | 2011 | | |
|----------------|--------------|------------|------------------|----------------|--------------|--------------|------------------|
| | PF | PX | CapSoc | | PF | PX | CapSoc |
| Euskadi | 1.250 | 200 | 700.000 | Euskadi | 2.200 | 350 | 1.230.000 |
| CAT | 1.000 | 185 | 585.000 | CAT | 1.700 | 270 | 950.000 |
| MAD | 900 | 120 | 480.000 | MAD | 1.500 | 150 | 750.000 |
| VAL | 500 | 100 | 300.000 | VAL | 1.200 | 150 | 630.000 |
| NAV | 300 | 100 | 220.000 | NAV | 500 | 125 | 325.000 |
| AND-EXTR | 300 | 75 | 195.000 | AND-EXTR | 520 | 110 | 318.000 |
| CyL | 200 | 15 | 95.000 | CyL | 400 | 40 | 200.000 |
| CLM | 200 | 15 | 95.000 | CLM | 400 | 40 | 200.000 |
| CAN | 200 | 15 | 95.000 | CAN | 400 | 40 | 200.000 |
| BAL | 200 | 15 | 95.000 | BAL | 400 | 40 | 200.000 |
| GALIZA | 200 | 15 | 95.000 | GALIZA | 400 | 40 | 200.000 |
| | 5.250 | 855 | 2.955.000 | | 9.620 | 1.355 | 5.203.000 |

Como se pode observar nas táboas é imprescindible crear unha rede social de organizacións pero non é suficiente, tamén ten que entrar aforro e préstamos, de aí a importancia das persoas físicas por ser proveedoras de servizos e unha mostra de que realmente se está a chegar á cidadanía e de que é un proxecto que xera confianza.

A constitución dunha rede territorial é un proceso de continuo debate e de unión de realidades diferentes que se moven na mesma zona de influencia e que normalmente teñen ámbitos complementarios. Normalmente, un grupo promotor (constituído por un número variable, dependendo da zona, de asociacións que se comprometen a traballar para sacar adiante o proxecto) decide xuntarse e tras unha serie de reunións opta pola creación dunha asociación proxecto FIARE territorial. En todo este proceso non están sos xa que contan coa inestimable axuda do responsable correspondente que os guiará neste novo mundo no que se están a internar. O que se lle pide a toda territorial é unha vinculación xurídica (de aí a importancia de constituír unha asociación) para poder, cando sexa o momento, integrarse na cooperativa, para isto deberán (de forma “obligatoria” o terceiro punto e no primeiro punto a creación da asociación, o resto deberá ser aceptado e adaptado na medida das posibilidades):

- crear unha asociación e integrarse na S.L. cun representante, aceptando as responsabilidades que iso comporte,
- crear unha Comisión ético-social para a avaliación das solicitudes de financiación do territorio,
- asumir unha porcentaxe ou volume de capital social (acorde coas posibilidades, hai a proposta que xa vimos nas táboas pero non é vinculante, xa que cada rede territorial fai un balance do que pode aportar e os obxectivos veñen marcados polo que esta reflexión interna conleve: traballo, contactos, capital,...),
- facer aportacións a fondo perdido (establecemos en Galiza tres modalidades) cada ano. A medida que novas asociacións se integren á rede este compromiso vaise rebaixando e adaptando.
- articular e dinamizar a base social do territorio.

Concretamente **en Galiza** este ano, en reunións con periodicidade mensual desde abril, varias asociacións (Adega, AIS O Peto, Altermundo, ARELA, Asociación Amarante, Colexio La Salle-Santiago, Coordinadora Galega de ONG's para o Desenvolvemento, Enxeñería sen Fronteiras, Fundación Taller de Solidariedade, Panxea, Proclade, Parroquia Cristo da


Victoria de Vigo, Sindicato Labrego Galego, Solidariedade Internacional, Vendegaia), estivemos traballando para que o anterior sexa unha realidade. Durante estes encontros concretamos o documento de formación, o tríptico informativo, o borrador dos estatutos, a organización de varias charlas e xornadas, ... e moitas tarefas máis necesarias para estar permanentemente actualizados. O **16 de xaneiro de 2010** é cando decidimos que ademais de constituir a **asociación Fiare GZ** tamén nos vemos ao mesmo tempo con forzas para integrarnos e participar en **Fiare SL** sendo a territorial galega e a partires de abril formar parte de **Fiare Sociedade Cooperativa (Fiare S. Coop.)**.

Moitos de vós preguntarádesvos cal é a **diferencia entre Fiare SL e Fiare S. Coop.** Para tentar esclarecer calquera pequena dúbida comentamos o seguinte. O **26 de outubro de 2009** constituíuse Fiare S. Coop. cos seguintes socios:

- Fundación Fiare.
- Asociación de apoio a Fiare en Euskadi.
- Asociación Fiare Navarra.
- Asociación Fiare-Centro.


Cada un deles aportou unha cantidade (780 €) de tal xeito que se alcanzou o capital social inicial de 3.120 €. Estes non serán os únicos socios. Pouco a pouco empezarán a formar parte os restantes socios que conforman Fiare SL do seguinte xeito:

- O 31 de decembro de 2009, intégranse Asociación Fiare Xarxa Valenciana, Asociación Banca Ética Fiare-Sur, Asociación Proyecto Fiare de Catalunya, Asociación Fiare Castilla y León; de tal xeito que o capital social será de 6.240 €.
- O **30 de abril de 2010**, intégranse o resto de territoriais e o resto de socios (uns mil aproximadamente), de tal xeito que o capital social se vería incrementado ata uns 1.200.000 €.
- A partir de aquí, calquera persoa ou organización que aporte capital entrará como socio de Fiare S. Coop., cos mesmos dereitos que os xa incorporados.



Isto quere dicir que desaparece Fiare SL? O proxecto Fiare mantén dúas formas xurídicas (a SL e a Cooperativa). A SL tenderá a desaparecer, pero durante os próximos tres anos (polo menos) será o punto dende o cal as territoriais impulsarán o crecemento do proxecto mediante os compromisos asumidos entre todos, entre eles: a recollida de capital social, o número de socios nos territorios e o apoio nos gastos de constitución (fondo perdido). Ademais será Fiare SL a que siga a desenrolar, como ata agora, a actividade financeira mediante o acordo coa Banca Popolare Etica ata que se consiga o volume suficiente para crear a cooperativa de crédito propia ou europea.

A Fiare S. Coop. é o lugar no que vamos ir construíndo o tecido social de Fiare a nivel estatal. Alí chegarán os socios (persoas e organizacións) que irán mercando participacións de capital social. As territoriais serán as encargadas de ir artellando e dinamizando esta base social por medio dos grupos locais e das asembleas territoriais. Agora o **capital social recollido xa é participación na cooperativa**. Esta base social será a que quede do Proxecto Fiare pero como é preciso poder seguir facendo intermediación financeira de aí a necesidade de que Fiare SL siga a existir.



Como comentamos hai uns parágrafos, ata o momento en FIARE estanse meditando dúas posibilidades de futuro: unha seguir medrando e chegar a "convencer" ao Banco de España que é real e garantido que se constitúan como banco; e outra, que é a de formar parte dunha Cooperativa de crédito a nivel europeo, suporía a fusión de tres proxectos de Banca ética (Fiare do estado español, La Nef de Francia e Banca Popolare Etica de Italia) cunha capacidade de 50.000-60.000 socios.